

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMIGRANTES EN GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS QUE FAVOREZAN O RETORNO E A INTEGRACIÓN SOCIO-LABORAL DAS PERSOAS EMIGRANTES E DAS SÚAS FAMILIAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que a Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca nunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrencia pública, con base no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Respecto do carácter singular e as razóns que xustifican a dificultade de promover a convocatoria pública, é preciso salientar que esta asociación é a única en Galicia constituída por persoas que xa participaron no programa BEME en edicións anteriores. Deste xeito, as persoas que son membros da asociación poden achegar a súa experiencia persoal ás novas persoas bolseiras, contribuíndo ao éxito do programa BEME, posto en marcha no ano 2017.

Así, a asociación desenvolve un papel fundamental na realización de tarefas de espallamento do programa BEME e no acompañamento e apoio aos bolseiros e bolseiras no momento da súa chegada a Galicia para facilitarlles a súa integración social e universitaria, razóns polas que esta secretaría xeral considera que a entidade é a idónea para o desenvolvemento das accións contempladas no convenio.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecerlles tanto ás persoas emigrantes galegas como ás que retornen á comunidade autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración e de actuación coordinada entre as entidades asinantes para desenvolver accións de



difusión, acompañamento, información e formación dirixidas ás persoas galegas que residan no exterior, así como as que retornen á comunidade autónoma galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia foi constituída no ano 2019 por bolseiras da primeira convocatoria do programa BEME e entre os seus fins atópanse ofrecerlles asesoramento a mozos e mozas emigrantes, organizar actividades culturais e sociais para a xuventude e espallar e promover actividades en Galicia.

Para o cumprimento dos seus fins, a asociación leva a cabo actividades como a orientación e o asesoramento sobre cuestións burocráticas e outros trámites, organización de eventos culturais e sociais e difusión nas redes sociais de distintas actividades, todas elas encamiñadas a apoiar o proceso de inserción social e laboral da xuventude galega emigrante na comunidade autónoma.

Despois de anos de funcionamento desta asociación, ambas institucións consideran que é necesaria a colaboración e coordinación na realización de tarefas de difusión do programa de BEME, así como no acompañamento e apoio aos bolseiros e bolseiras, achegando as persoas membros da asociación a súa experiencia persoal como antigas bolseiras o que constitúe unha peza moi importante no éxito deste programa.

Por outra banda, tamén se considera necesario aproveitar a experiencia vital e profesional internacional destes/as antigos/as bolseiros e bolseiras do programa BEME, con formación universitaria e forte vinculación con Galicia, para que poidan apoiar noutras tarefas de difusión ou desenvolvemento doutros programas e accións que se executan tanto en Galicia como no exterior, dirixidas ás persoas emigrantes galegas e ás que retornen a Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de quince mil euros (15.000 €) para financiar os gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio. Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de procedemento 2015 00038, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Secretaría Xeral da Emigración
P.S. (Decreto 108/2022, do 16 de xuño)
A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa,
Económica e de Programas Sociais

M^a Lorena Antelo Romero

